

Un congreso defende a Educación para a Cidadanía

Tamayo-Acosta, Peces-Barba e Victoria Camps presentes no XXII Encontro Galego-portugués de Educadores pola Paz no que se conmemorou o 25 aniversario do colectivo

M.B.

Vigo converteuse do 18 ao 20 de abril na encrucillada dos educadores pola paz. Máis de 300 persoas vinculadas á cultura da paz no eido da educación de toda a península e de países latinoamericanos como México, Colombia e Brasil reuníronse na cidade olívica para participar no XXII Encontro Galego-portugués de Educadores pola paz, que xirou ao redor da Educación para a Cidadanía.

As xornadas serviron ademais para presentar os dous primeiros títulos da triloxía "Educación e paz", publicada con motivo do 25 aniversario do grupo Educadores pola Paz, fundado en Vigo en 1983 por Xesús Jares, daquela profesor no Colexio Público *García Barbón* e por Manuel Bragado, actual director da editorial Xerais. O primeiro volume, titulado *Educación e Paz I. 25 anos de Educadores pola Paz*, repasa a historia dun grupo que supuxo o inicio do movemento Educación para a Paz en Galiza. O segundo libro, *Educación e Paz II. Presente e futuro da construción da paz*, está composto por máis de 40 artigos de destacados autores de diferentes disciplinas e partes do mundo.

Despois de organizar máis de 20 encontros de educadores consolidando a súa influencia especialmente a través da publicación de artigos e libros sobre paz, educación e dereitos humanos, o Centro Social Caixanova de Vigo vestíuse de gala o pasado 18 de abril para recibir o primeiro cuarto de século da organización. Conducido polo actor Manolo Romón, o Serán da Paz contou coa participación de músicos, poetas e ensaístas que lle renderon ademais unha sentida homenaxe a Xesús Jares. Entre os participantes figuraba n Víctor Vaqueiro, Fran Alonso, Antonio G. Teixeira, Xico Braga, Rosa Duarte, Celso A. Cáccamo, An Alfaya, Román Raña, Abe Rábad, Uxía Senlle e Berrogüetto.

Na súa intervención Jares recordou que "queda moito camiño por andar" dentro da cultura de

Peces-Barba admitiu que na elaboración da Constitución non se preveu blindar as decisións en materia de educación dos posicionamentos interesados da Igrexa"

paz pero destacou que foron moitos os avances que se acadaron nestes 25 anos, como o recoñecemento da educación pola paz no programa curricular ou a posta en marcha de Educación para a Cidadanía, que anos atrás eran "impensábeis". Os tres días de encontro afondaron na necesidade dunha escola que eduque para a paz, que reflexione sobre os valores e os de-



Manuel Bragado (á esquerda) e Xesús Jares, fundadores de Educadores pola Paz. PACO VILABARRIOS

reitos humanos e que se manifeste baixo a bandeira do respecto. No seu relatorio do sábado, Juan José Tamayo-Acosta reflexionou sobre a relación

Igrexa católica e Estado laico. Ao seu ver no ensino existe un déficit de ética laica e a canle para solucionalo é a materia Educación para a Cidadanía.

Relatorio destacado foi tamén o que tivo como protagonista a Peces-Barba. No seu discurso arremeteu contra a Conferencia Episcopal e narrou a súa experiencia como impulsor das leis de educación. Admitiu que na elaboración da Constitución non se preveu blindar as decisións en materia de educación dos posicionamentos interesados da Igrexa.

O Centro Social Caixanova converteuse ademais nunha fiestra aberta ás realidades educativas doutros países. A representante de Educadores pola Paz de Portugal, Isabel Lima, fixo públicos datos alarmantes que están a suceder no país veciño. A voceira explicou que as queixas de violencia no primeiro ciclo da educación obrigatoria aumentaron, que a policía se incautou de máis de medio milleiro de armas nas aulas portuguesas e que as denuncias por violencia machista supera os 20.000 casos.

O encontro clausurouse o domingo 20, despois da visita ao parque de Castrelos e o Museo do Mar, coa solta simbólica da pomba da paz.●

TRIBUNA ■ Antonio García Teixeira.
Escritor.

ABRAMOS OS SEUS LIBROS

Escito *Knockin' on heaven's door* e volve, unha vez máis, Suso Jares á miña mente. Como nos une Dylan! E digo que volve porque sinto de novo a intensidade emocional vivida no acto *Serán pola paz*, celebrado o venres 18 e que conmemoraba os vinte e cinco anos de *Educadores pola Paz*, ese grupo que tanto traballou a prol dunha convivencia pacífica nas nosas aulas, ao abeiro dos movementos de renovación pedagóxica.

Xesús R. Jares é unha persoa excepcional, necesaria nestes tempos difíciles. Un loitador infatigable pola causa do entendemento pacífico. Suso Jares é unha das persoas máis íntegras que levo coñecido ao longo dos anos. Pero sendo iso fundamental, quixera incidir, aínda que brevemente, na súa dimensión intelectual e de inves-

tigación. Gustárame que a xente coñecese de verdade o seu labor dende os seus textos, repletos de sabedoría, de rigor científico, de reflexións profundas, froito das súas moitas lecturas e do traballo de a pé feito con moito entusiasmo. Son os seus, textos imprescindibles para educadores, pero absolutamente necesarios para todos aqueles con sensibilidade democrática que queiran afondar nos conflitos que nos rodean acotío. Os seus libros roxeitan o dogmatismo, cren na cooperación lúdica, na necesidade de educar para a paz en calquera situación e na prioridade de proxectos educativos cos dereitos humanos como referente básico. Suso Jares fálanos da pedagogía da convivencia, da relación entre educación e conflito e de algo que me emociona continuamente: da educación

para a verdade e mais a esperanza. Verdade e esperanza son dúas palabras chave na vida e na obra deste catedrático de Didáctica e Organización Escolar. Non o esquezamos. Nestes tempos de incerteza, do uso do medo coma estratexia política, Suso Jares incide en temas importantes, ás veces non moi visibles, coma a institucionalización da violencia nas relacións

Son os seus, textos imprescindibles para educadores, pero absolutamente necesarios para todos aqueles con sensibilidade democrática que queiran afondar nos conflitos que nos rodean"

humanas ou nos rebotes de racismo e xenofobia, para axudarnos a pensar e atopar solucións xustas. El sabe conxugar con intelixencia, teoría e práctica, para que as súas propostas solidarias teñan unha aplicación didáctica axeitada nas aulas e nos espazos abertos ás actividades de educación non formal, tempo libre, asociacionismo etc.

Xesús R. Jares é un exemplo claro de persoa consecuente. Consegue combinar honestidade e coñecemento. E iso permite que o respectemos e queiramos. Mais, non o esquezamos, debemos ler os seus libros, porque neles se atopan os seus esforzos e os seus soños. Abramos eses libros, deteniámonos nas súas reflexións, loitemos contra a desesperanza e soñemos onda el cunha sociedade menos conformista.●